



DATOS IDENTIFICATIVOS

Aspectos Socioculturais e Lingüísticos no Ensino de Segundas Linguas

Materia	Aspectos Socioculturais e Lingüísticos no Ensino de Segundas Linguas			
Código	V01M126V01206			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Valcárcel Riveiro, Carlos			
Profesorado	Valcárcel Riveiro, Carlos			
Correo-e	carlos.valcarcel@uvigo.es			
Web	http://https://mila1206.wordpress.com/			
Descrición xeral	Este curso céntrase en coñecer os aspectos socioculturais relacionados co ensino de linguas segundas linguas ambientais e estranxeiras.			

Competencias

Código

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Contidos

Tema	
1. Contextos socioculturais e lingüísticos no ensino aprendizado de linguas estranxeiras .	<p>1.1. Conceptos de base: lingua inicial ou L1, L2 ambiental, L2 estranxeira e repertorio lingüístico.</p> <p>1.3. Contextos de ensino da L2 ambiental: acollida escolar, programas para inmigrantes, inmersión lingüística, AICLE.</p> <p>1.3. Contextos de ensino da L2 estranxeira: infantil e primaria, L2 instrumental, L2 para seniors, L2 para fins específicos.</p>
2. Factores macrosociais: ecosistemas lingüísticos e ensino de L2s.	<p>2.1. Status da L2 e identidades.</p> <p>2.2. Modelos de aculturación.</p>
3.- Factores microsociais.	<p>3.1. Conceptos básicos: competencia lingüística e competencia comunicativa, comunidade lingüística e comunidade de lingua.</p> <p>3.2. Variación e norma.</p> <p>3.3. Interacción e adquisición.</p>
4. Factores interculturais e interlingüísticos.	<p>4.1. Biculturalidade e interculturalidade.</p> <p>4.2. Competencia intercultural e ensino/aprendizaxe de L2s.</p>

5. Grupos específicos e fins específicos

5.2. Inmersión lingüística en contexto escolar.

5.1. AICLE

5.2. Aulas de acollida.

5.3. L2 para fins específicos.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	4	6
Seminarios	7	35	42
Presentacións/exposicións	3	24	27

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Nas primeiras sesións presenciais, o profesor explicará os obxectivos, contidos e sistema de avaliación da materia, así como as modalidades de tutorías. Tamén se darán detalles sobre a creación dos portafolios en liña do alumnado.
Seminarios	Clases interactivas en grupo dedicadas á aprendizaxe colaborativa dos contidos da materia.
Presentacións/exposicións	En grupos, os estudantes deberán elaborar unha reseña dun artigo científico relacionado cos contidos da materia. Esta reseña será presentada oralmente durante as aulas presenciais. As exposicións serán avaliadas polo profesor a partir dunha grade de avaliación presentada previamente ao alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	Dado o carácter intercampus da materia, a atención personalizada realizarase a distancia a través de videoconferencia (previa cita) ou por correo electrónico.
Presentacións/exposicións	Dado o carácter intercampus da materia, a atención personalizada realizarase a distancia a través de videoconferencia (previa cita) ou por correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Seminarios	Cada estudante elaborará un portafolio onde irá publicando, en forma de entradas, as súas notas de aula, con descricións e reflexións persoais sobre as aprendizaxes realizadas nas sesións presenciais. Os portafolios serán avaliados polo profesor a partir dunha grade de avaliación que será presentada no inicio do curso.	75	
Presentacións/exposicións	Por grupos, o alumnado presentará oralmente unha reseña dun artigo científico relacionado cos contidos da materia. O artigo será proposto polo profesor, que avaliará a presentación a partir unha grade de avaliación que será presentada no inicio do curso.	25	

Outros comentarios sobre a Avaliación**Ausencia xustificada en primeira convocatoria**

O alumnado que non puiden asistir ás aulas presenciais por motivos xustificadas (entrega dunha copia do contrato laboral ou de parte médico) poderá realizar un traballo sobre un tema acordado co profesor, que o avaliará a partir dunha grade de avaliación dispoñíbel na páxina web da materia.

Segunda convocatoria

O alumnado que concorrer á segunda convocatoria deberá realizar un exame escrito sobre o 100% dos contidos da materia. O exame realizarase na data oficial fixada no calendario do mestrado. Será puntuado de 0 a 10 en función dunha grade de avaliación establecida polo profesor. O exame contará cunha pregunta teórica e cun suposto práctico que o alumnado deberá resolver. En segunda convocatoria non se terá en conta o traballo realizado na primeira convocatoria.

Bibliografía. Fontes de información

Byram, M., **From Foreign Language Education to Education for Intercultural Citizenship**, Multilingual Matters,
Durant, A., Ochs, E. e Schieffelin, B.B., **The handbook of language socialization**, Wiley-Blackwell,
Ellis, R., **Second Language Acquisition**, Oxford University Press,
Mackey, A. e Gass, S.M., **Research Methods in Second Language Acquisition. A Practical Guide.**, Blackwell Publishing Ltd,
Ortega, L., **Understanding second language acquisition**, Hodder,
Saville-Troike, M., **Introducing Second Language Acquisition**, Cambridge University Press,
VanPatten, B. e Benati, A.G., **Key Terms in Second Language Acquisition**, Continuum,

Recomendacións

Outros comentarios

Recoméndase a asistencia ás clases e o traballo regular, así como o uso dos recursos da biblioteca.

Recoméndase ademais ter en conta os dous aspectos seguintes:

1. A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.
 2. É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades da materia na web correspondente e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.
-